Escrito por VM
Martes, 08 Xullo 2008 03:01

Os traballadores da empresa Cespa que levan a cabo o servizo de limpeza viaria e recollida de lixos en Nigrán anuncian unha folga con carácter indefinido a partir do luns día 14 deste mes.

Os operarios non aceptan a actualización do IPC exposto pola empresa e solicitan unha equiparación salarial co resto dos peóns que traballan no Concello, así como outras melloras de tipo social, hixiénico e de prevención.

Os operarios cobran unha media de 850 euros mensuais e esperan que o Concello lles chame para negociar servizos mínimos.